

VOCABULARIO INDUSTRIA - PAU

-Energías renovables: son aquelas que se obteñen de fontes de enerxía naturais e inesgotables, ben porque posúen unha inmensa cantidade de enerxía, ou ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Causan menos alteracións ambientais. Exemplos son a hidráulica, a eólica, a solar, a xeotérmica, a biomasa e os biocombustibles.

-Industrias verdes: son aquelas nas que o valor central non é o crecemento económico senón o desenvolvemento sostible (respectando o medioambiente e empregando enerxías renovables). Unha industria verde crea valor económico, medioambiental e social, evitando a contaminación industrial e o deterioro da paisaxe. AlgaEnergy ou Acciona son exemplos.

-Industria 4.0: a Cuarta Revolución Industrial, actualmente en marcha, implica a utilización de novas tecnoloxías como a robótica, a intelixencia artificial, a nanotecnoloxía e o internet das cousas, entre outras. Todo iso debe repercutir nunha automatización das tarefas e unha dixitalización industrial que quizáis reverta o proceso de deslocalización industrial promovido polo neoliberalismo de finais do século XX.

-Deslocalización industrial: traslado dunha actividade industrial dun país a outro, coa finalidade de abaratar custes. Co proceso de globalización da economía posto en marcha polas políticas neoliberais, moitas grandes empresas dos países máis ricos aproveitaron esta estratexia para situar as súas plantas de produción en países menos desenvolvidos, onde os salarios son máis baixos. Ex: empresas téxtiles como Inditex.

-Descarbonización: política enerxética consistente na redución paulatina das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) xeradas pola actividade humana. Implica o peche, por exemplo, de centrais térmicas baseadas na combustión de carbón, á par que se fomenta o incremento de enerxía xerada a partir de renovables (hidroeléctrica, eólica, solar,...).